

ORGANIZA: Consello da Cultura Galega. Arquivo da Emigración Galega  
COORDINA: Xosé Manoel Núñez Seixas

Consello da Cultura Galega  
Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel. 981 957 202 - Fax 981 957 205

Máis información e inscrición en [www.consellodacultura.org](http://www.consellodacultura.org)

# Xigantes ou ananos? Celso Emilio Ferreiro e o debate sobre a emigración galega

DATA: xoves 24 de maio de 2012

LUGAR: Consello da Cultura Galega



a Celso  
Emilio  
Ferreiro  
2012



**E**sta xornada, organizada co gallo da conmemoración do centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro (1912-1979), ten como obxecto debater a actualidade das propostas críticas verbo do papel histórico e presente da emigración galega. Para iso reavaliarase, dende unha perspectiva actualizada, a discusión que provocara a aceda crítica ás colectividades de emigrantes galegos en Venezuela que contiña *Viaxe ao país dos ananos*, e tentarase tracexar cales poderían ser os paralelismos e as leccións desa discusión no presente, despois de que nos últimos anos a cuestión da reforma do dereito a voto dos ausentes estivese na axenda política e volva estar de novo con vistas a unha segunda reforma.

No decurso da xornada abordarase a biografía político-intelectual de Celso Emilio Ferreiro denantes e despois da súa emigración a Venezuela; o contexto e os trazos principais da inmigración galega e da colectividade galega en Venezuela entre as décadas de 1940 e 1970; e mais a discusión transnacional, na propia Galicia e nas comunidades de emigrantes de América e Europa, que foi provocada polas acusacións de Celso Emilio, o que tamén se vencellaba coas propias ideas do poeta arredor do feito migratorio. Concluirase cunha mesa redonda en que se reflexionará sobre a actualidade ou non das propostas do celanovés e dos seus críticos, e tentarase un posíbel balanço da relevancia que a emigración e mais as comunidades de emigrantes desempeñaron na historia e no presente de Galicia.

## PROGRAMA

- 10:00 h. Inauguración
- 10:15 h. *Celso Emilio Ferreiro: unha biografía político-intelectual*  
RAMÓN NICOLÁS
- 11:15 h. *A inmigración galega en Venezuela en tempos de Celso Emilio*  
RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ
- 12:15 h. Pausa
- 12:45 h. *Revisando os ananos: a interpretación da emigración galega en Celso Emilio Ferreiro*  
XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS
- 17:00 h. *Ananos ou xigantes? A actualidade do debate sobre a emigración, 40 anos despois*

Presenta e modera: RAMÓN VILLARES

XOSÉ NEIRA VILAS

ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

ANXO LUGILDE

MARÍA XOSÉ PORTEIRO

*Viaxe ao país dos ananos*